

Unidade 4

As 5 vias de entrada ao cérebro

A función de relación

Todos os días recibimos información do mundo que nos rodea a través dos sentidos. As persoas temos cinco sentidos: a **vista**, o **olfacto**, o **oído**, o **gusto** e o **tacto**. Grazas a eles, podemos sentir, ver, oler, saborear e oír a través da chamada función de relación.

A **función de relación** permítenos recibir estímulos (información) do noso redor e elaborar respostas a cada un deles.

A función de relación

Dependendo do estímulo que recibamos, as respostas serán distintas. Exemplos: podemos correr, abrir a boca, pechar os ollos, chorar, coller unha froita ...

Na función de relación interveñen:

Os órganos dos 5 sentidos

O sistema nervioso
(o cerebro)

O aparato locomotor
(ósos e músculos)

A función de relación


MÚSICA (estímulo)



ESCOITAMOS
(sentido)



CEREBRO (elabora
resposta)



BAILAMOS (resposta)



A función de relación

Eses estímulos non se reciben unicamente a través do oído senón que podemos recibilos a través da vista, do tacto, do gusto ou do olfacto. É dicir, dos **cinco sentidos**.



Os órganos dos sentidos

Como xa sabes, estes órganos **provocan a nosa comunicación co mundo exterior** pois vemos, tocamos, sentimos... a través deles. O ser humano ten cinco:

Vista

Tacto


Olfacto

Oído

Gusto

A vista

Este sentido permítenos coñecer cores, formas, tamaños e distancias por medio da luz. Os ollos son os órganos do sentido da vista. Están protexidos polas pálpebras, as cellas e as pestanas e formados polo globo ocular (pupila e iris).



O coidado da vista

Os ollos son órganos moi delicados que convén coidar, por iso é moi importante a **hixiene**. Estes poden enfermarse se os tocamos coas mans sucias ou que estén en contacto con substancias prexudiciais como o cloro das piscinas.


Tamén é importante traballar e ler con **luz suficiente** para non forzar os ollos. Se hai moita luz podemos danalos, por iso é bo usar **lentes de sol**.

Por último, debemos ir ao **oftalmólogo** (oculista) para revisar a vista.

O oído

Os oídos son os órganos do oído. A súa función é **captar todo tipo de sons** (fortes, débiles, agudos e graves).

A **orella** é a parte externa do oído. Dela sae un tubo chamado **conduto auditivo** que chega ata o **tímpano** que é una tea moi delgada que vibra cos sons.



O coidado do oído


Igual que ocorre cos ollos, a **hixiene** no oído é importante. Cando nos duchamos, debemos lavalos e secalos logo pero non debemos usar bastonciños de algodón pois pódese danar o tímpano que é moi delicado.

Tamén é importante usar un volumen normal xa que o oído pode prexudicarse con **sons fortes** (coidado cos auriculares).

O **exceso de ruído** é unha forma de contaminación que resulta daniña para a nosa saúde.

O tacto


Este sentido serve para **coñecer** algunhas das **características dos obxectos que tocamos ou que nos toca**. O órgano é a **pel** pero hai que saber que non sentimos igual con toda a nosa pel. Cantos máis **receptores do tacto** haxa, máis sensible será (unha man e un cóbado).



O gusto

O órgano do sentido do gusto é a **lingua**. Esta permítenos **recoñecer o sabor dos alimentos** a través duns pequenos avultamentos chamados **papilas gustativas**. Eses sabores básicos son **doce, salgado, ácido, amargo e umami**

(difícil de encontrar. Está en queixos fortes e comida chinesa).



O olfacto

O sentido do olfacto **permítenos captar olores**. O órgano deste sentido é o **nariz** que ten dous buratos chamados **orificios nasais** que conducen cara as **fosas nasais**.

Ahí está a **pituitaria** que recibe e envía a información ao cerebro.

